

## Repasa os contidos...



1. Que é o relevo?

2. Explica as dúas etapas do ciclo xeolóxico e explica razoadamente por que en realidade non é un ciclo.

3. Sinala na imaxe os principais elementos do relevo volcánico.

4. Respecto ás dobras:

- Que son?
- Sinala as súas partes no debuxo.




• Indica a que tipo de dobra fan referencia as seguintes afirmacións:

- Os materiais máis antigos atópanse no núcleo
- A verxencia é superior a  $90^\circ$
- Os seus flancos son iguais
- Ten forma convexa cara arriba, con forma de A
- A verxencia é maior a  $0^\circ$  pero inferior a  $90^\circ$
- Os materiais máis modernos atópanse no núcleo
- Os seus flancos son diferentes
- A verxencia é de  $0^\circ$
- A convexidade sitúase cara abaixo (forma de V)

5. Respecto ás fracturas:

- Que tipo de esforzos tectónicos as provocan?
- Que diferenza unha diáclase dunha falla?
- Sinala no esquema os principais elementos dunha falla (se é necesario completa o debuxo)
- De que tipo é a falla representada?
- Que outros tipos existen? Representaas.




6. Cal é a diferenza entre proceso xeolóxico externo e axer tipo.

7. Respecto á meteorización:

- Que é?
- Que consecuencias ten sobre as rochas afectadas?
- Elabora un esquema sobre os tipos e mecanismos de meteorización.

### 8. Respecto do solo:


- Que é un solo?
- Cales son os compoñentes dun solo?
- Como se chama cada unha das capas que forman a estrutura do solo?
- Indica os nome de cada unha destas capas no debuxo, que representa un solo maduro.
- Como se chama o proceso de formación dun solo? Explica brevemente en que consiste.
- Cales son os principais factores que afectan á formación do solo?
- Explica brevemente as características dos dous tipos principais de solos.



### 9. Define erosión, transporte e sedimentación.

### 10. Respecto á figura da dereita:


- Que proceso xeolóxico está representado?
- En que tipo de medios se produce?
- Indica o nome de cada un dos tipos representados.
- Completa unha táboa como a seguinte:



| <i>Tipo</i> | <i>Características do material afectado</i> | <i>Pegadas</i> |
|-------------|---------------------------------------------|----------------|
|             |                                             |                |


### 11. Respecto á figura de abaixo:

- Que representa o conxunto completo?
- Cal é o axente xeolóxico implicado?
- Indica o nome de cada un dos fenómenos representados.
- Cales son os factores desencadeantes destes procesos?




### 12. Fai un esquema coa clasificación e tipos de relevos, relacionándoos cos factores que inflúen no modelado dos mesmos.

13. Nas seguintes imaxes, indica con que tipo de relevo se relacionan cada unha delas, e completa o nome das partes sinaladas:




IMAXE A

Tipo de relevo:




IMAXE B

Tipo de relevo:




IMAXE C

Tipo de relevo:




IMAXE D

Tipo de relevo:




IMAXE E

Tipo de relevo:



IMAXE F

Tipo de relevo:



IMAXE G

Tipo de relevo:

14. Que é un risco xeolóxico?

15. Explica brevemente os factores que determinan o nivel de risco dunha determinada zona.

16. Elabora unha táboa de clasificación de riscos xeolóxicos indicando alomenos 2 exemplos de cada tipo.

17. Indica de que tipo son as seguintes medidas de planificación de riscos:

- Consolidación do terro e recheo de cavidades:
- Elaboración de mapas de perigosidade:
- Asignación de vías de evacuación nas grandes poboacións:
- Aplicación de normas de construción sismorresistente:
- Instalación de redes de vixilancia:
- Construción de muros de contención:
- Establecemento de protocolos de actuación:
- Canalización de correntes de auga facilmente desbordables:
- Correcta distribución de asentamentos e infraestruturas perigosas:
- Instalación de diques que desvíen as coadas de lava: